

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

## *DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA*

---

CURSO 2022-2023



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	4
2.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA E MATERIAS ASIGNADAS.....	5
2.3. SITUACIÓN COVID-19.....	5
3.. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA EN 2º E 4º DA ESO.....	6
3.1. INTRODUCCIÓN.....	6
3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
3.3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	9
3.4. FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO.....	11
3.4.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	11
3.4.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	16
3.4.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS.....	17
3.4.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	17
3.5. FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO.....	23
3.5.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	23
3.5.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	32
3.5.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS.....	32
3.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	33
4. AS MATERIAS DE FÍSICA E DE QUÍMICA EN 2º BACHARELATO.....	41
4.1. INTRODUCCIÓN.....	41
4.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FÍSICA E DE QUÍMICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....	42
4.3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	44
4.4. FÍSICA 2º BACHARELATO.....	45
4.4.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	45
4.4.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	55
4.4.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS.....	55
4.4.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	56
4.5. QUÍMICA 2º BACHARELATO .....	65
4.5.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E	

COMPETENCIAS CLAVE.....	65
4.5.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	73
4.5.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS.....	73
4.5.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	74
5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	81
6. METODOLOXÍA.....	82
7. RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS.....	83
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	84
9. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO.....	86
9.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	86
9.2. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL DO PRESENTE CURSO.....	86
9.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN.....	87
9.3.1. FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO e E 4º ESO.....	87
9.3.2. FÍSICA 2º BACHARELATO.....	88
9.3.3. QUÍMICA 2º BACHARELATO.....	90
9.4. PROGRAMA DE REFORZO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	92
9.5. PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (BACHARELATO).....	92
10. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	92
11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PLAN ANUAL DE LECTURA.....	93
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	94
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	95
14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	95

## 1. INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica, elabórase de conformidade co disposto no artigo 41 da *RESOLUCIÓN* do 26 de xuño de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

En xaneiro de 2021 entrou en vigor a LOMLOE (*Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*). Seguindo o seu calendario de implantación téñense aplicado xa modificacións relativas a diferentes cuestións durante os cursos 2020-2021 e 2021-2022, entre as que se inclúen as relativas á avaliación e ás condicións de promoción das diferentes etapas educativas.

Durante o presente ano académico 2022-2023 modifícase o currículo, organización e obxectivos das ensinanzas dos cursos impares da ESO (1º e 3º) e do Bacharelato (1º) e no vindeiro ano académico 2023-2024 modificarase nos correspondentes cursos pares (2º e 4º ESO e 2º Bacharelato).

A elaboración da programación dos cursos de 1º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato efectuarase a través da aplicación informática Proens, recolléndose no presente documento só a programación dos cursos de 2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato onde o currículo, organización e obxectivos seguen rexéndose pola normativa curricular da LOMCE (*Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*).

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

O IES Terra de Soneira, situado no concello de Vimianzo (A Coruña), escolariza o presente curso académico a 270 alumnos/as nas ensinanzas de ESO, bacharelato e dous ciclos formativos (un ciclo de grao medio de Xestión Administrativa e un ciclo superior de Administración e Finanzas). Trátase dun centro de tamaño medio inaugurado no curso 1983-84 e que foi sufrindo sucesivas variacións e ampliacións, constatándose unha paulatina diminución de alumnado nas últimas décadas.

No ámbito xeográfico, a área de influencia abrangue a todo o contorno rural do concello de Vimianzo e ao centro urbano, recibindo alumnos de dous diferentes CEIPs: o de San Vicenzo (Vimianzo) e o de Baíñas (Baíñas). No caso de bacharelato recibe ademais aos alumnos do IES Plurilingüe Pedra da Aguiá (A Ponte do Porto, Camariñas) onde só se imparten ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.

Desde o punto de vista socioeconómico a maioría do alumnado pertence a familias con estruturas tradicionais. A maioría dos pais/nais adícanse a actividades relacionadas cos sectores secundario e terciario. Tamén é salientable a relación coa emigración, xa que a maioría do alumnado manifesta que algún membro da súa familia traballa ou traballou fóra. O equipamento do domicilio familiar incopora en xeral os avances

técnicos básicos actuais, dispoñendo ademais de equipos tecnolóxicos e acceso a internet.

O idioma de uso habitual do alumnado, tanto no ámbito familiar como no escolar ou de lecer, é o galego.

## **2.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA E MATERIAS ASIGNADAS**

No curso 2022-23 o departamento de Física e Química do IES Terra de Soneira, está formado polos seguintes membros:

*-Daniel Esmorís Puñal, profesor con destino definitivo.*

*-Natalia Abelenda Lameiro, profesora con destino definitivo e xefa de departamento.*

As materias impartidas polo departamento durante este curso son:

- Física e Química de 2º ESO (2 grupos)
- Física e Química de 3º ESO (2 grupos de referencia e 1 desdobre)
- Física e Química 4º ESO (1 grupo e 1 desdobre)
- Física e Química de 1º bacharelato (1 grupo e 1 desdobre)
- Física de 2º curso de bacharelato (1 grupo)
- Química de 2º curso de bacharelato (1 grupo)
- Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO (2 grupos)
- Reforzo de Matemáticas de 2º ESO (1 grupo)

O reparto de materias queda como segue:

- *Daniel Esmorís Puñal* (18 horas): 2 grupo de Física e Química de 2º ESO (6 horas), 1 desdobre de Física e Química de 3º ESO (2 horas), 1 grupo de Física e Química de 1º Bach (4 horas), 1 grupo de Química de 2º Bacharelato (4 horas), 1 grupo de desdobre de Física e Química de 4º ESO (1 hora), 1 grupo de reforzo de Matemáticas de 2º ESO (1 horas).
- *Natalia Abelenda Lameiro*, (18 horas): 2 grupos de Física e Química de 3º ESO (4 h), 1 grupo de Física e Química de 4º ESO (3 horas), 1 grupo de Física de 2º Bacharelato (4 horas), 1 grupo de desdobre de Física e Química de 1º Bacharelato (1 hora) e 2 grupos de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO (6 horas)

Ambos profesores son ademais titores de grupos da ESO.

## **2.3. SITUACIÓN COVID-19**

A presente programación didáctica ten en conta as *Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023.*

Ditas recomendacións fan referencia á ventilación de espazos, á hixiene de mans e hixiene respiratoria, ao uso de máscara, e á actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19

### **3. MATERIA DA FÍSICA E QUÍMICA EN 2º E 4º DA ESO**

#### **3.1. INTRODUCCIÓN**

O presente ano académico 2022-23 os cursos de 2º e 4º ESO réxense a nivel curricular polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo este decreto no primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química pode ter carácter terminal, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.

No segundo ciclo de ESO esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar ao alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

Os contidos que se recollen no currículo están ao servizo do logro dos distintos criterios. Estes elementos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques. O primeiro bloque, común a todos os niveis, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química. Traballarase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas. Os estándares deste bloque, de carácter transversal como xa se indicou, cobran sentido ao combinalos cos doutros bloques. É como resultado desta combinación e das características das actividades de aprendizaxe deseñadas polo profesorado que se poderá avaliar o grao de desenvolvemento dunhas competencias ou das outras.

Na ESO, a materia e os seus cambios trátanse nos bloques segundo e terceiro, respectivamente, abordando os aspectos de forma secuencial. No primeiro ciclo realízase unha progresión do macroscópico ao microscópico. O enfoque macroscópico permite introducir o concepto de materia a partir da experimentación directa, mediante exemplos e situacións cotiás, entanto que se procura un enfoque

descriptivo para o estudo microscópico. No segundo ciclo introdúcese secuencialmente o concepto moderno do átomo, a ligazón química e a nomenclatura dos compostos químicos, así como o concepto de mol e o cálculo estequiométrico; así mesmo, iníciase unha aproximación á química orgánica incluíndo unha descrición dos grupos funcionais presentes nas biomoléculas.

A distinción entre os enfoques fenomenolóxico e formal vólvese presentar claramente no estudo da física, que abarca tanto o movemento e as forzas como a enerxía, bloques cuarto e quinto respectivamente. No primeiro ciclo, o concepto de forza introdúcese, empiricamente, a través da observación, e o movemento dedúcese pola súa relación coa presenza ou ausencia de forzas. No segundo ciclo, o estudo da física, organizado atendendo aos mesmos bloques anteriores, introduce de xeito progresivo a estrutura formal desta materia.

### 3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Física e Química de 2º e 4º ESO contribúe á adquisición das sete competencias clave por parte do alumnado da forma seguinte:

**-Comunicación lingüística (CCL):** Contribúese a través da interpretación e uso da linguaxe propia da Física e Química, a adquisición de vocabulario específico, a argumentación verbal e a avaliación de enunciados en base a probas científicas...

Concrétase na aula lendo e interpretando textos científicos e enunciados de actividades; elaborando informes escritos, expoñendo oralmente resultados, participando nos debates...

**-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** Contribúese a través do coñecemento de fenómenos naturais e dos sistemas tecnolóxicos que nos rodean, a resolución de problemas con precisión e rigor facendo uso das ferramentas matemáticas necesarias, a investigación e comunicación da ciencia.

Concrétase na aula:

- Describindo fenómenos naturais.
- Interpretando modelos que permitan explicar e predicir de xeito científico os fenómenos e as transformacións.
- Realizando medidas e cálculos de magnitudes básicas.
- Elaborando, lendo e interpretando gráficos.
- Identificando as variables que caracterizan determinados procesos e relacionándoas mediante principios e leis científicas.
- Resolvendo problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas referidas a leis e principios que explican determinados fenómenos.
- Coñecendo (e utilizando) o material de laboratorio.

- Planificando e realizando pequenos traballos prácticos.
- Identificando e analizando criticamente a repercusión da actividade científica.
- Desenvolvendo actitudes responsables que favorecen un consumo racional e hábitos saudables.

**-Competencia dixital (CD):** Contribúese a través do desenvolvemento de habilidades para identificar, analizar, relacionar, cotexar e avaliar a información dispoñible na rede e o uso das TIC como ferramenta de comunicación e escenario de aprendizaxe.

Concrétase manexando aplicacións virtuais para recrear experiencias prácticas e/ou modelos teóricos (estruturas moleculares en 3º e 4º ESO), empregando a Aula Virtual como escenario de ensino-aprendizaxe complementario á aula física, utilizando o blogue do departamento como taboleiro de recursos e fonte de información diversa, empregando medios dixitais para a elaboración e presentación de traballos...

**-Aprender a aprender (AAP):** Contribúese a través do desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas, a reflexión sobre as relacións causa-efecto, o contraste nos procesos de experimentación, a adquisición de habilidades e estratexias cognitivas e actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Concrétase na aula resolvendo problemas a través de diferentes procedementos, utilizando os instrumentos necesarios para realizar determinados traballos prácticos, reflexionando sobre a evolución das ideas científicas sobre a concepción de determinados fenómenos.

**-Competencias sociais e cívicas (CSC):** Contribúese a través do desenvolvemento de criterios éticos fronte ao impacto de determinadas actividades e/ou actitudes e valorando o traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Concrétase na aula aproximando o currículo ao contexto concreto no cal se vive, facilitando a participación activa do alumnado, utilizando o coñecemento científico para comprender situacións que afectan de xeito global ao planeta e de xeito local ás persoas, traballando en grupo (a nivel virtual ou na medida na que as actuais circunstancias o permitan).

**-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Contribúese a través do desenvolvemento de cualidades persoais como a iniciativa, o espírito de superación, a perseveranza fronte as dificultades, a autonomía e a autocrítica, así como o incremento da confianza e a mellora da autoestima.

Concrétase na aula aplicando as etapas do método científico, empregando unha metodoloxía que



fomente xeitos de enfrontarse aos problemas de forma autónoma e creativa, incida na valoración reflexiva das diferentes alternativas, prepare para análise previa das consecuencias das decisións que se tomen no proceso.

**-Conciencia e expresións culturais (CCEC):** Contribúese a través do desenvolvemento da imaxinación e a creatividade e a consideración do coñecemento científico como parte da bagaxe cultural da persoa.

Concrétase na aula a través da presentación de ideas ou traballos en formatos estéticos diversos e valorando a contribución dos científicos como actores principais da nosa cultura.

### **3.3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

O Decreto 86/2015 sinala que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3.4. FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

#### 3.4.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

##### CLAVE

O Decreto 86/2015 establece os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para a Física e Química de 2º ESO en relación cos obxectivos de etapa e as competencias clave que contribúen a desenvolver. Detállanse en cor azul os estándares engadidos a proposta do departamento.

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Método científico: etapas.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Traballo no laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Procura e tratamento de información.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunica-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	da comunicación.	ción.	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Método científico: etapas.</li> <li>B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> <li>B1.5. Traballo no laboratorio.</li> <li>B1.6. Proxecto de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. A materia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Propiedades da materia.</li> <li>B2.2. Aplicacións dos materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento e arrefriamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Leis dos gases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a par-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		tir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Substancias puras e mesturas.</li> <li>B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Métodos de separación de mesturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Estrutura da materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8 Recoñecer a existencia do átomo e da Táboa Periódica dos elementos químicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.8.1. Recoñece que toda materia está formada por átomos, iguais ou diferentes, e valora a utilidade da Táboa Periódica como sistema de clasificación dos diferentes tipos de átomos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Os cambios				
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Cambios físicos e cambios químicos.</li> <li>B3.2. Reacción química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotián en función de que haxa ou non formación de novas substancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Reacción química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. A química na sociedade e o ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa im-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		portancia na mellora da calidade de vida das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. A química na sociedade e o ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. O movemento e as forzas				
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Forzas: efectos.</li> <li>B4.2. Medida das forzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Velocidade media.</li> <li>B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B4.6. Máquinas simples.	▪ B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.	▪ FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.7. O rozamento e os seus efectos.	▪ B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.	▪ FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.8. Forza gravitatoria.	▪ B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.	▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.9. Estrutura do Universo. ▪ B4.10. Velocidade da luz.	▪ B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulo de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.	▪ FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B4.1. Forzas: efectos. ▪ B4.8. Forza gravitatoria.	▪ B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.	▪ FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 5. Enerxía				
▪ f	▪ B5.1. Enerxía: unidades.	▪ B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	▪ FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	▪ CMCCT
			▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B5.2. Tipos de enerxía. ▪ B5.3. Transformacións da enerxía. ▪ B5.4. Conservación da enerxía.	▪ B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.	▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	▪ CMCCT

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura.</li> <li>▪ B5.6. Escalas de temperatura.</li> <li>▪ B5.7. Uso racional da enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. <a href="#">Recoñece a existencia da escala Fahrenheit de temperatura e relaciona as escalas celsius e Fahrenheit.</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poñe de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Fontes de enerxía.</li> <li>▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

### 3.4.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na materia de Física e Química de 2º ESO hai un total de 56 estándares de aprendizaxe. Detállase na seguinte táboa o peso das sete competencias clave en relación aos estándares de aprendizaxe avaliábeis:



Competencia	Nº de estándares relacionados	Porcentaxe
CCL	9	10%
CMCCT	54 (55)	61%
CD	4	5%
CAA	9 (10)	10%
CSC	4	5%
CSIEE	6	7%
CCEC	2	2%

### 3.4.3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS

Os bloques de contido establecidos no Decreto 86/2005 abordaranse ao longo do curso estruturados nas 9 unidades didácticas seguintes:

BLOQUE	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓN	AVALIACIÓN
B1. A actividade científica	1. O traballo científico	6	1ª
B2. A materia	2. A materia e a súa medida	13	
	3. Estados da materia	13	
	4. Composición da materia	13	
B3. Os cambios	5. Os cambios químicos	9	2ª
B4. O movemento e as forzas	6. O movemento	13	
		7. As forzas	14
B5. A enerxía	8. A enerxía	9	3ª
	9. Temperatura e calor	9	

### 3.4.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

Detállase a continuación a temporalización dos estándares de aprendizaxe que abarcan as unidades didácticas anteriores, os estándares mínimos esixibles para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación dos mesmos. O significado das abreviaturas empregadas no cadro é:

- PE (proba escrita): Proba na que o alumno/a deberá responder por escrito a unha serie de preguntas nun tempo determinado sen consultar o material.
- O (observación na aula): Recollida de información do traballo individual efectuado polo alumno/a no seu caderno e das respostas ás posibles preguntas formuladas de forma oral.
- T (traballos): Traballos específicos de manipulación e/ou investigación para facer na casa e, no seu caso, no laboratorio.

Os resultados das probas escritas (PE), da observación (O) e dos traballos (T) do alumno/a serán rexistrados na ficha correspondente do caderno do profesor/a.

UD	Estándar de aprendizaxe	Mes	Mínimo	Avaliación		
				PE	O	T
1	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	Setembro	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	X		X
	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	Setembro	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio.	X	X	
	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	Outubro	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos, interpretando o seu significado.	X	X	
2	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	Outubro e resto do curso	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	X	X	
	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	Outubro	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.		X	X
	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	Outubro	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, observa as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	X	X	
	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	Outubro	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia.	X	X	
	FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	Outubro	-			X
3	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	Novembro	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	X	X	
	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	Novembro	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	X	X	
	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplicaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	Novembro	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplicaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	X	X	

	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento e arrefriamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	Novembro	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento e arrefriamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición.	X	X	
	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	Novembro	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	X	X	
	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	Novembro	-		X	
4	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	Decembro	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	X	X	
	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	Decembro	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	X	X	
	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	Xaneiro	FQB2.4.3. Observa a realización de experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	X	X	
	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	Xaneiro	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e observa o proceso.	X	X	
	FQB2.8.1.Recoñece que toda materia está formada por átomos, iguais ou diferentes, e valora a utilidade da Táboa Periódica como sistema de clasificación dos diferentes tipos de átomos.	Xaneiro	FQB2.8.1.Recoñece que toda materia está formada por átomos, iguais ou diferentes.	X	X	
5	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	Febreiro	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	X	X	
	FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	Febreiro	-		X	
	FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	Febreiro	-			X

	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	Febreiro	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	X	X	
	FQB3.4.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	Febreiro	-		X	
	FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	Febreiro	FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.		X	
6	FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	Febreiro	FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	X	X	
	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Marzo	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	X	X	
	FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Marzo	FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir da representación da velocidade en función do tempo.	X	X	
7	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónnaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	Marzo	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónnaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.		X	
	FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	Marzo	FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	X	X	
	FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	Marzo	FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material e procedemento para a súa comprobación experimental.	X	X	
	FQB4.1.2. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando os resultados experimentais en unidades do Sistema Internacional.	Marzo	FQB4.1.2. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica.		X	
	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	Abril	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento.	X	X	
	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza	Abril	FQB4.6.1. Relaciona cualitativa-	X	X	

	de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.		mente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.			
	FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	Marzo	FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	X	X	
	FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta	Abril	FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta		X	
	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	Abril	-		X	
	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	Abril	-			X
8	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	Maio	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	X	X	
	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	Maio	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	X	X	
	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	Maio	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	X	X	
	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	Maio	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	X	X	
9	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	Maio	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	X	X	
	FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	Maio	FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.		X	

FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. <a href="#">Recoñece a existencia da escala Fahrenheit de temperatura e relaciona as escalas celsius e Fahrenheit.</a>	Maio	FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	X	X	
FQB5.4.2 Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	Maio	-		X	
FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como son os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	Maio	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións.	X	X	
FQB5.4.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	Maio	FQB5.4.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás.	X	X	
FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	Xuño	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.		X	X
FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.		FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.		X	
FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.		-		X	
FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.		FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.		X	
FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	Todo o curso	-		X	
FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.		-			X
FQB1.6.1. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.		FQB1.6.1. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.		X	
FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.		-		X	

### 3.5. FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO

#### 3.5.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

##### CLAVE

No Decreto 86/2015 detállanse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para a materia Física e Química de 4º ESO en relación cos obxectivos de etapa e as competencias clave que contribúen a desenvolver.

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.</li> <li>▪ FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Erros na medida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Erros na medida.</li> <li>▪ B1.5. Expresión de resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Expresión de resultados.</li> <li>▪ B1.6. Análise dos datos experimentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.</li> <li>▪ B1.8. Proxecto de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 2. A materia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Modelos atómicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCMT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúalos na táboa periódica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.</li> <li>▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.</li> <li>▪ B2.4. Forzas intermoleculares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Forzas intermoleculares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Introducción á química orgánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Introducción á química orgánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidro-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			carburos sinxelos de especial interese.	
▪ f	▪ B2.6. Introducción á química orgánica.	▪ B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.	▪ FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	▪ CMCCT
Bloque 3. Os cambios				
▪ f	▪ B3.1. Reaccións e ecuacións químicas. ▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	▪ B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	▪ FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	▪ B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.	▪ FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. ▪ FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.	▪ CMCCT ▪ CD
▪ f	▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	▪ B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	▪ FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B3.3. Cantidade de substancia: mol.	▪ B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	▪ FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B3.4. Concentración molar. ▪ B3.5. Cálculos estequiométricos.	▪ B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	▪ FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. ▪ FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	▪ CMCCT ▪ CMCCT
▪ f	▪ B3.6. Reaccións de especial interese.	▪ B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.	▪ FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases. ▪ FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	▪ CMCCT ▪ CMCCT

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Reaccións de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Reaccións de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. O movemente e as forzas				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemente e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.	▪ FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	▪ FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
▪ f	▪ B4.2. Natureza vectorial das forzas. ▪ B4.3. Leis de Newton. ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	▪ B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.	▪ FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.3. Leis de Newton. ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	▪ B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	▪ FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.3. Leis de Newton. ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	▪ B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	▪ FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.8.2. Deducer a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	▪ CMCCT

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> <li>▪ B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Presión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>▪ B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.		QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.		X	
QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.				X	
QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.				X	
QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.				X	X
QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.				X	
QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.				X	



## 5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O Decreto 86/2015 indica que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Todos estes elementos aparecen integrados na programación das materias do presente departamento.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita son elementos imprescindible para o desenvolvemento das materias de Física e/ou Química dos diferentes niveis. No apartado 11 da programación detállanse as principais actividades relacionadas coa lectura e os libros de divulgación científica propostos.

A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) constitúen un recurso metodolóxico eficaz para o desenvolvemento de moitas tarefas de ensino e aprendizaxe das materias do departamento. En particular e tal e como se recolle no apartado 12 as TIC constitúen unha fonte eficaz de información escrita e audiovisual, configúranse como escenario de aprendizaxe virtual (simulacións interactivas) e como ferramenta de produción e comunicación de contido.

O emprendemento e a educación en valores cívicos e constitucionais constitúen un referente permanente nas diferentes actividades propostas e nas relacións interpersoais tanto docente-alumno/a como entre alumnos/as, contribuíndo á mellora da convivencia e da calidade de vida.

De maneira específica as materias do presente departamento facilitan o tratamento dos seguintes valores:

*-Igualdade entre os sexos:* Presentación da muller en situacións de igualdade respecto ao home, tanto no ámbito do traballo científico como noutros cotiáns.

*-Educación viaria:* Xustificación, baseándose en fundamentos físicos, das normas e consellos máis básicos sobre a seguridade nas estradas como son as limitacións de velocidade, a distancia mínima de seguridade entre vehículos, a necesidade de levar posto o cinto de seguridade e de ter os pneumáticos en bo estado.

*-Educación do consumidor:* Fomento do emprego responsable de recursos naturais tales como a auga, as materias primas, a enerxía... etc. Reflexión sobre o elevado consumo de recursos dos países industrializados que xeran toneladas de lixo non biodegradable e crítica á presión consumista da publicidade.

*-Educación ambiental:* Valoración das actitudes encamiñadas a conservar os recursos naturais. Sensibilidade ante o impacto que diversas actividades humanas, como o emprego de determinadas fontes de enerxía ou a operación dalgunhas industrias, producen sobre o medio e as súas posibles solucións.

*-Educación para a saúde:* Respecto polas recomendacións de seguridade e hixiene na actual situación do COVID-19. Respecto polas normas de seguridade e hixiene no laboratorio. Valoración do consumo racional de medicamentos e alimentos como elementos necesarios para gozar dunha boa saúde.

*-Prevención e resolución pacífica de conflitos:* Fomento de actitudes de tolerancia, respecto á diversidade e solidariedade favorables a un bo entendemento entre todos, alumnado e profesorado. Estimulación da cooperación no posible traballo telemático en equipo e do diálogo como vía de resolución de conflitos.

*-Emprendemento:* Desenvolvemento do sentido da iniciativa e a creatividade a través da busca de solucións a problemas e da elaboración e presentación de traballos individuais e en grupo.

## 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía fai referencia ao conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado a través dos contidos e contribuír así ao logro dos obxectivos da etapa e á adquisición das competencias clave.

Co fin de formular unha metodoloxía adecuada a estes propósitos teranse en conta os principios psicopedagóxicos construtivistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe e as orientacións para traballar por competencias na aula achegadas no ANEXO II da Orde ECD/65/2015.

O modelo construtivista fai referencia en primeiro lugar á necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, é dicir, das súas posibilidades de razoamento e do seu nivel de coñecementos previos. Na aprendizaxe da Física e Química adoita ser habitual a existencia de ideas previas erróneas, polo que é necesario detectalas para evitar que se produzan bloqueos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Con este fin propóñense actividades de avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado ao comezo de cada unidade didáctica.

Por outra parte, para asegurar a construción de aprendizaxes significativas o alumnado debe sentirse motivado para conectar o que está aprendendo co que xa sabe e, deste xeito, modificar os seus esquemas de coñecemento. Para iso nas actividades de desenvolvemento dos contidos das diferentes unidades didácticas prestarase especial atención en amosar as aplicacións prácticas á realidade máis inmediata do alumno, vinculándoas con temas de actualidade e do seu interese, así como en desenvolver conexións interdisciplinarias con outras materias como Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas e Tecnoloxía. Trátase, en definitiva, de dotar de significatividade e funcionalidade ao contido, favorecendo unha visión da Física e da Química íntimamente vinculada á realidade do alumnado.

Para que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas de forma autónoma propóñense actividades prácticas diversas (de resolución de problemas no caderno de aula, de tipo experimental no laboratorio) ou de investigación na casa (resto de niveis), de natureza virtual no seu ordenador persoal) onde o estudante se converte claramente en suxeito activo e autónomo da súa aprendizaxe nomeadamente a través da aplicación do método científico.

Para traballar as competencias consideraranse actividades integradas de aprendizaxe suficientemente contextualizadas que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos

coñecementos de base conceptual, das destrezas, actitudes e valores relativos a diferentes unidades didácticas e incluso a outras disciplinas.

Parte das actividades contempladas nas diferentes unidades estarán dirixidas ao traballo individual do alumnado e outras enfocadas ao traballo en diferentes grupos tanto en estrutura cooperativa (esencial para o traballo por competencias) como en estrutura colaborativa (interesante como medida de atención á diversidade).

## **7. RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS**

Para o desenvolvemento dos contidos correspondentes ás materias dispónse dos seguintes recursos:

**1. Libro do alumno/a.** Os libros de texto establecidos para o desenvolvemento das materias nos diferentes niveis son:

-2º ESO: **Física y Química, Editorial: Vicens Vives**

-3º ESO: **Física y Química, Editorial: sm**

-4º ESO: -

-1º Bacharelato: **Física y Química, Editorial: sm**

-2º Bacharelato: **Física, Editorial: Santillana**

**Química, Editorial: Oxford**

**2. Materiais do alumno/a.** Inclúense neste apartado os recursos que debe adquirir o alumno/a necesarios para traballar os contidos: caderno de clase e laboratorio, bolígrafo, lapis, calculadora científica e algún material sinxelo ou caseiro para a realización de experiencias. Deben mencionarse ademais medios tecnolóxicos como ordenador e conexión a internet, imprescindibles no domicilio do estudante ante un posible futuro escenario de ensino a distancia.

**3. Materiais de repografía.** Refírese a boletíns de actividades, apuntes, ou calquera outro tipo de material elaborado ou seleccionado polo profesor/a da materia correspondente, fotocopiado nas instalacións do centro e entregado ao alumnado.

**4. Recursos dixitais e bibliográficos.** Utilízanse recursos dixitais (Aula Virtual, sitios web como fonte de información escrita e audiovisual e de simulacións interactivas, libros dixitais, software específico...) e recursos bibliográficos procedentes da biblioteca do centro, do departamento...etc.

**5. Medios informáticos e audiovisuais.** O instituto dispón de pizarras dixitais cos seus correspondentes

ordenadores portátiles nas aulas de ESO e Bacharelato.

Tamén dispón de dúas aulas de informática dotadas con ordenadores con conexión a internet, a disposición do profesorado e alumnado.

**6. Laboratorios.** O centro dispón dun laboratorio de Física e outro de Química. O laboratorio de Física dispón dun canón de vídeo e dun ordenador con conexión a internet.

No caso de grupos numerosos, como 4º ESO e 1º Bacharelato, para ir ao laboratorio será necesario desdobrar o grupo en dous.

Sen prexuízo do anterior sempre que se considere oportuno os profesores poderán levar material dos laboratorios á correspondente aula para a realización dalgunha experiencia demostrativa.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender as diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais e culturais do alumnado que sempre existen nunha aula contémpanse as seguintes medidas ordinarias de atención á diversidade:

- Establecer estándares de aprendizaxe mínimos que levan a diferenciar os que se consideran esenciais e básicos dos que amplían os mesmos.
- Contemplar diversas metodoloxías didácticas, que partan, como se indicou no apartado correspondente desta programación, dos coñecementos previos e das motivacións do alumno/a.
- Contemplar actividades diferenciadas nas que se empregan recursos didácticos variados (impresos, dixitais, de laboratorio) de xeito que permitan acceder aos contidos de diferentes formas.
- Graduar a dificultade das tarefas que se propoñan. As actividades de reforzo están pensadas para consolidar os contidos desenvolvidos na unidade didáctica e nelas inclúense os contidos máis significativos, referencias a situacións da vida cotiá e fórmulanse procesos cualitativos e cuantitativos sinxelos. Pola súa banda, as actividades de ampliación están propostas para afondar en contidos propios da unidade didáctica ou mesmo doutros campos de coñecemento que achegan novas relacións cos tratados. Dentro destas inclúense conceptos que requiren un maior grao de abstracción e procesos de cuantificación e cálculo máis complexos.
- Formar grupos de traballo heteroxéneos fomentando o apoio e a colaboración mutua.
- Flexibilizar os tempos para levar a cabo as diferentes actividades.
- Empregar instrumentos de avaliación variados e incluír probos de recuperación (unha por avaliación).
- Organización e xestión da aula acorde ás características do alumnado.
- Dispoñibilidade do profesor/a da materia nalgúns recreos para resolver dúbidas e axudar aos estudantes que o precisen.

Entre a diversidade existente nun aula pode atoparse **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**. De acordo coa *ORDE do 8 de setembro de 2021* esta denominación engloba ás alumnas e alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O sistema educativo prevé esta diversidade e arbitra os mecanismos necesarios para dar resposta á mesma. O profesor/a de secundaria será quen de detectar no seu grupo a presenza de calquera das posibles situacións anteriormente mencionadas e comunicalas coa maior inmediatez ao departamento de orientación do centro, colaborando con el en todas aquelas accións que se estimen pertinentes e establecidas dentro da lexislación vixente.

Entre estas posibles medidas extraordinarias a adoptar atópase, por exemplo, a adaptación curricular individualizada (ACI), que afecta aos compoñentes prescritivos do currículo -eliminando algúns dos obxectivos e criterios de avaliación-. O profesor/a da materia deberá elaborar e executar a ACI en permanente contacto co departamento de orientación e coa autorización da dirección do centro educativo e do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. No presente curso académico 2022/23 detéctase a necesidade de realizar adaptacións curriculares na materia de Física e Química a 3 alumnos de 2º ESO.

Ademais este curso existe un desdobre no grupo de Física e Química de 3º ESO-B onde existe alumnado con dificultades de aprendizaxe. O obxectivo é diminuír a ratio profesor-alumno para poder prestar unha atención máis individualizada. Por outra banda, dado que os grupos de 4º ESO-A e 1º Bacharelato-A son moi numerosos contéplase tamén neles 1 sesión semanal de desdobre como máximo para efectuar posibles actividades experimentais no laboratorio.

Na materia de Física de 2º Bacharelato-A hai un alumno marroquí que se incorpora este curso cun grave descoñecemento do galego e do castelán. En colaboración co departamento de orientación do centro buscaranse alternativas e recursos materiais e/ou dixitais que favorezan a súa integración e faciliten na medida do posible a aprendizaxe deste alumnado que cursa ensinanzas dunha etapa posobrigatoria.

## 9. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO

### 9.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Avaliación inicial:** farase de forma escrita e/ou oral ao inicio do curso e ao comezo de cada unidade didáctica e proporcionará información sobre a situación do alumno/a respecto ao nivel de desenvolvemento competencial e aos estándares dos cursos anteriores. Segundo os resultados obtidos procederase a facer un repaso/reforzo dos estándares mínimos necesarios para cada unidade didáctica, adaptando así a programación. Outras medidas máis drásticas deberán ser consensuadas coa xunta avaliadora.
- **Seguemento do traballo:** proporcionará información sobre o traballo individual do alumno/a. Efectuarase mediante a observación directa e sistemática de:
  - Execución e presentación das tarefas propostas: Orde, corrección e puntualidade na súa execución e presentación; colaboración no caso das tarefas que se desenvolvan en grupo.
  - Participación (calidade e corrección das respostas ás preguntas formuladas polo profesor/a de forma oral na aula, aportacións pertinentes por iniciativa do propio alumno/a) e predisposición para o traballo (dispoñer do material, iniciativa e interese por corrixir os propios e erros).
- **Probas escritas:** Conterán actividades variadas que abarquen estándares de aprendizaxe avaliáveis mediante proba escrita.

### 9.2. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL DO PRESENTE CURSO

No nivel de 2º ESO, onde o alumnado cursa por primeira vez a materia de Física e Química, efectuouse unha proba de avaliación inicial escrita orientada a coñecer o seu nivel de competencia lingüística, matemática e científica e de aprender a aprender. Os resultados desta avaliación permitiron confirmar definitivamente o alumnado que debería ser proposto para ACI.

No grupo de 4º ESO tamén se efectuou unha breve proba de avaliación inicial escrita relativa só á parte de Física pola que se comezará o programa da materia este curso. Previamente ao estudo da primeira unidade de Química efectuouse unha proba de avaliación inicial escrita relativa á parte da Química. Na materia de Física de 2º Bacharelato a avaliación inicial efectuouse mediante a formulación de preguntas de forma oral cunha posta en común das respostas que permitiu dar pé a ir facendo un breve repaso de conceptos preliminares de cinemática, dinámica e enerxía. Pola súa banda, na materia de Química de 2º Bacharelato non foi necesaria esta proba de avaliación inicial, xa que os alumnos cursan a materia co mesmo profesor que lles impartiu a materia de Física e Química de 1º Bacharelato o curso anterior.

### 9.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

#### 9.3.1. FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO E 4º ESO

Na cualificación global dunha avaliación teranse en conta os seguintes elementos:

- A cualificación numérica obtida nas probas escritas realizadas ao longo do trimestre.
- A cualificación numérica correspondente ao seguemento do traballo do alumno/a.

Para o cálculo da nota da avaliación establécense as seguintes porcentaxes:

- 80% da nota corresponderá á media ponderada das puntuacións obtidas nas probas escritas.
- 10% da nota corresponderá ao traballo diario (valoración da orde, corrección e puntualidade das tarefas propostas para ser efectuadas polo alumno/a no seu caderno -dentro e fóra da aula-, valoración da corrección das respostas orais ás preguntas formuladas polo profesor/a na aula e verificación da disposición do material necesario para seguir a clase).
- 10% restante á valoración da orde, corrección e puntualidade das entregas de tarefas específicas (informes de laboratorio, cuestionarios sobre posibles libros de lectura propostos, fichas sobre contidos da materia, traballos de investigación e/ou busca de información complementarios).

Toda esta información quedará rexistrada na ficha de seguemento do correspondente alumno/a. No caso de non solicitarse a entrega de ningunha tarefa específica durante esa avaliación a porcentaxe da nota non asignada ás probas escritas (20%) correspondería na súa totalidade ao traballo diario.

A nota da avaliación obtida mediante o procedemento anterior será considerada a todos os efectos cunha cifra decimal mediante redondeo. A nota amosada no boletín será o número enteiro máis próximo á nota da avaliación.

Cada avaliación ten carácter independente e o feito de superar unha avaliación non supón en ningún caso a superación das avaliación anteriores.

Realizarase unha proba de recuperación de cada avaliación para os alumno/s que suspenderan ou ben que estando aprobados queiran subir nota. Esta proba desenvolverase preferiblemente a comezos do trimestre seguinte. No caso da terceira avaliación non hai unha recuperación como tal, porque coincide co final de curso e queda xa englobada na recuperación final de curso.

Realizarase unha recuperación final de curso. No período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final o alumnado que teña avaliacións sen superar terá a oportunidade de efectuar actividades de reforzo relativas a esas partes. Dito alumnado poderá recuperar unha das avaliacións (a terceira ou outra) ou todo o curso mediante a realización dunha proba escrita final sen consultar o material. O alumnado que teña todas as avaliacións superadas tamén terá a opción de presentarse á recuperación final de curso para subir nota.

Sempre que se faga unha recuperación (dunha avaliación ou a final de curso) a nota definitiva terá en conta a nota orixinal e a nota da recuperación da seguinte maneira: farase unha media ponderada das dúas notas asignando un 20% á nota máis baixa e un 80% á nota máis alta. Farase unha excepción a esta regra cando a nota definitiva resulte menor que 5,0: neste caso se unha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva quedará nun 5,0 e se ningunha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva será a máis alta.

A nota final do curso calcularase como a media ponderada das cualificacións finais cunha cifra decimal- das tres avaliacións parciais (tendo en conta os resultados das correspondentes probas de recuperación segundo se explicou anteriormente).

A nota final será redondeada ao enteiro máis próximo, considerándose aprobado o curso cando dito enteiro sexa igual ou superior a 5.

*Observación: No caso de fraude comprobado na realización dunha proba por calquera medio (copiar do compañeiro, dispoñer de apuntes, dispoñer do móbil acendido...etc) a cualificación desa proba será dun 0 e o profesor/a resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias correspondentes.*

### **9.3.2. FÍSICA 2º BACHARELATO**

Na cualificación global dunha avaliación teranse en conta os seguintes elementos:

-A cualificación numérica obtida nas probas escritas realizadas ao longo da avaliación. Debido ao carácter preparatorio que ten este curso para a ABAU, en cada proba escrita poderá entrar algún contido de partes do programa anteriormente avaliadas (ata un máximo de 2 puntos sobre 10 puntos).

-A cualificación numérica correspondente ao seguemento do traballo do alumno

Para o cálculo da nota da avaliación establécense as seguintes porcentaxes:

-90% da nota corresponderá á media ponderada das puntuacións obtidas nas probas escritas.

-5% da nota corresponderá ao traballo diario (valoración da orde, corrección e puntualidade das tarefas propostas para ser efectuadas polo alumno/a no seu caderno -dentro e fóra da aula-, valoración da corrección das respostas orais ás preguntas formuladas polo profesor/a na aula e verificación da disposición do material necesario para seguir a clase).

-5% restante á valoración da orde, corrección e puntualidade das entregas de tarefas específicas (relativas a prácticas experimentais ou virtuais, traballos de investigación e/ou procura de información complementarios).

Toda esta información quedará rexistrada na ficha de seguemento correspondente alumno/a. No caso de non solicitarse a entrega de ningunha tarefa específica durante esa avaliación a porcentaxe da nota non asignada ás probas escritas (10%) correspondería na súa totalidade ao traballo diario.



A nota da avaliación obtida mediante o procedemento anterior será considerada a todos os efectos cunha cifra decimal mediante redondeo. A nota amosada no boletín será o número enteiro máis próximo á nota da avaliación.

A nota da avaliación obtida mediante o procedemento anterior será considerada a todos os efectos cunha cifra decimal mediante redondeo. A nota amosada no boletín será o número enteiro máis próximo á nota da avaliación.

Cada avaliación ten carácter independente e o feito de superar unha avaliación non supón en ningún caso a superación das avaliación anteriores.

Realizarase unha proba de recuperación de cada avaliación para os alumno/s que suspenderan ou ben que estando aprobados queiran subir nota. Esta proba desenvolverase preferiblemente a comezos do trimestre seguinte. No caso da terceira avaliación non hai unha recuperación como tal, porque coincide co final de curso e queda xa englobada na recuperación final de curso.

No mes de maio haberá unha proba final de recuperación para o alumnado que non teña superado o curso ou queira subir nota. Nesta proba os alumnos/as só terán dúas opcións: facer a recuperación dunha soa avaliación (a 3ª ou outra) ou facer unha recuperación global de todo o curso.

Sempre que se faga unha recuperación (dunha avaliación ou global do curso) a nota definitiva terá en conta a nota orixinal e a nota da recuperación da seguinte maneira: farase unha media ponderada das dúas notas asignando un 20% á nota máis baixa e un 80% á nota máis alta. Farase unha excepción a esta regra cando a nota definitiva resulte menor que 5,0: neste caso se unha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva quedará nun 5,0 e se ningunha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva será a máis alta.

A nota final da materia obterase como a media ponderada das cualificacións finais -cunha cifra decimal- correspondentes ás tres avaliacións. Esta nota final será redondeada ao enteiro máis próximo, considerándose aprobado o curso cando dito enteiro sexa igual ou superior a 5.

Os alumnos avaliados negativamente na convocatoria ordinaria de maio deberán realizar unha proba escrita extraordinaria en xuño que abarcará todo o curso e incluírá actividades para avaliar diferentes estándares de aprendizaxe avaliábeis con proba escrita. Considerarase superada a materia nesta convocatoria extraordinaria cando a nota desta proba redondeada ao enteiro máis próximo sexa igual ou superior a 5,0.

No período comprendido entre a avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas ABAU o alumnado que superou a materia terá a oportunidade de completar a súa formación: traballando posibles partes do programa que non dera tempo a impartir e/ou repasando os contidos xa traballados durante o curso. Así mesmo, o alumnado que non superou a materia terá a oportunidade de efectuar actividades de reforzo das partes non superadas ata as datas de celebración das probas extraordinarias.

Observación: *No caso de fraude comprobado na realización dunha proba por calquera medio (copiar do compañeiro, dispoñer de apuntes, dispoñer do móbil acendido...etc) a cualificación desa proba será dun 0 e o profesor/a resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias correspondentes.*

#### **9.3.4. QUÍMICA 2º BACHARELATO**

Na cualificación global dunha avaliación teranse en conta os seguintes elementos:

-A cualificación numérica obtida nas probas escritas realizadas ao longo do trimestre (serán alomenos dúas).

-A cualificación numérica correspondente ao seguemento do traballo do alumno

Para o cálculo da nota da avaliación establécense as seguintes porcentaxes:

-90% da nota corresponderá á media ponderada das puntuacións obtidas nas probas escritas.

-5% da nota corresponderá ao traballo diario (valoración da orde, corrección e puntualidade das tarefas propostas para ser efectuadas polo alumno/a no seu caderno -dentro e fóra da aula-, valoración da corrección das respostas orais ás preguntas formuladas polo profesor/a na aula e verificación da disposición do material necesario para seguir a clase).

-5% restante á valoración da orde, corrección e puntualidade das entregas de tarefas específicas (informes de laboratorio, cuestionarios sobre posibles libros de lectura propostos, fichas sobre contidos da materia, traballos de investigación e/ou busca de información complementarios).

Toda esta información quedará rexistrada na ficha do correspondente alumno/a. No caso de non solicitarse a entrega de ningunha tarefa específica durante esa avaliación a porcentaxe da nota non asignada ás probas escritas (10%) correspondería na súa totalidade ao traballo diario.

Para o cálculo da nota da avaliación establécense as seguintes porcentaxes: o 90% da nota corresponderá á media ponderada das puntuacións obtidas nas probas escritas; un 5% da nota corresponderá ao traballo diario (recollida de información do traballo individual efectuado polo alumno/a no seu caderno dentro e fóra da aula e das respostas ás posibles preguntas formuladas de forma oral na aula) e o 5% restante á valoración do contido e puntualidade das entregas de tarefas específicas (informes de laboratorio, cuestionarios sobre libros de lectura propostos, fichas sobre contidos da materia, traballos de investigación e/ou busca de información complementarios). No caso de non solicitarse a entrega de ningunha tarefa específica durante esa avaliación a porcentaxe da nota non asignada ás probas escritas (10%) correspondería na súa totalidade ao traballo diario.

A nota da avaliación obtida mediante o procedemento anterior será considerada a todos os efectos cunha cifra decimal mediante redondeo. A nota amosada no boletín será o número enteiro máis próximo á nota da avaliación.

Cada avaliación ten carácter independente e o feito de superar unha avaliación non supón en

ningún caso a superación das avaliación anteriores.

Realizarase unha proba de recuperación de cada avaliación para os alumno/s que suspenderan ou ben que estando aprobados queiran subir nota. Esta proba desenvolverase preferiblemente a comezos do trimestre seguinte. No caso da terceira avaliación non hai unha recuperación como tal, porque coincide co final de curso e queda xa englobada na recuperación final de curso.

Realizarase unha recuperación final de curso no mes de maio para o alumnado que non teña superado o curso ou queira subir nota. Nesta proba os alumnos/as só terán dúas opcións: facer a recuperación dunha soa avaliación (a 3ª ou outra) ou facer unha recuperación global de todo o curso.

Sempre que se faga unha recuperación (dunha avaliación ou global de maio) a nota definitiva terá en conta a nota orixinal e a nota da recuperación da seguinte maneira: farase unha media ponderada das dúas notas asignando un 30% á nota máis baixa e un 70% á nota máis alta. Farase unha excepción a esta regra cando a nota definitiva resulte menor que 5,0: neste caso se unha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva quedará nun 5,0 e se ningunha das dúas notas é igual ou superior a 5,0 a nota definitiva será a máis alta.

A nota final da materia obterase como a media aritmética das cualificacións finais -cunha cifra decimal- correspondentes ás tres avaliacións. Esta nota final será redondeada ao enteiro máis próximo, considerándose aprobado o curso cando dito enteiro sexa igual ou superior a 5.

Os alumnos avaliados negativamente na convocatoria ordinaria de maio deberán realizar unha proba escrita extraordinaria en xuño que abarcará todo o curso e incluírá actividades para avaliar diferentes estándares de aprendizaxe avaliábeis con proba escrita. Considerarase superada a materia nesta convocatoria extraordinaria cando a nota desta proba redondeada ao enteiro máis próximo sexa igual ou superior a 5,0.

No período comprendido entre a avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas ABAU o alumnado que superou a materia terá a oportunidade de completar a súa formación: traballando posibles partes do programa que non dera tempo a impartir e/ou repasando os contidos xa traballados durante o curso. Así mesmo, o alumnado que non superou a materia terá a oportunidade de efectuar actividades de reforzo das partes non superadas ata as datas de celebración das probas extraordinarias.

*Observación: No caso de fraude comprobado na realización dunha proba por calquera medio (copiar do compañeiro, dispoñer de apuntes, dispoñer do móbil acendido...etc) a cualificación desa proba será dun 0 e o profesor/a resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias correspondentes.*

#### **9.4. PROGRAMA DE REFORZO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

A avaliación de materias pendentes efectuarase considerando os currículos vixentes no ano académico 2021/2022 en todos os niveis, isto é, os currículos aos que fai referencia o Decreto 86/2015.

O plan de reforzo para o alumnado coa materia de Física e Química pendente consistirá en:

- Entrega de dous cadernos de actividades (previsiblemente en outubro e xaneiro) abarcando cada un aproximadamente a metade dos estándares imprescindibles. O alumno/a deberá intentar resolver ditas actividades e entregalas nos prazos establecidos (de forma voluntaria).
- Titoría durante un recreo á semana onde se explicará e resolverán posibles dúbidas relativas ás cuestións traballadas nesa parte.

Efectuaranse dúas probas parciais escritas (en datas a fixar pola xefatura de estudos), abarcando cada unha delas a parte da materia correspondente ao caderno de actividades proposto nese período.

A nota final calcularase a partir da media aritmética das cualificacións acadadas en ambas probas. O traballo co caderno de actividades será tido en conta valorándose ata un máximo de 0,5 puntos que se sumarán á citada nota final.

Cando a nota final resultante redondeada ao enteiro máis próximo sexa inferior a 5 puntos o alumno/a deberá presentarse á proba ordinaria de maio. En caso de non superar esta proba deberá concorrer á correspondente proba extraordinaria de xuño.

*Observación: No caso de fraude comprobado na realización dunha proba por calquera medio (copiar do compañeiro, dispoñer de apuntes, dispoñer do móbil acendido...etc) a cualificación desa proba será dun 0 e o profesor/a resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias correspondentes.*

#### **9.5. PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (BACHARELATO)**

Os alumnos que queiran cursar materias de 2º de Bacharelato que requiran da acreditación de coñecementos previos de Física e Química de 1º de Bacharelato, deberán acreditar estes coñecementos superando as probas establecidas para o alumnado coa materia de 1º de Bacharelato pendente.

### **10. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

O profesor/a debe ser capaz de realizar unha análise do seu traballo de forma reflexiva e con capacidade de autocrítica. Así, entre os indicadores de logro teranse en conta:

- Resultados da aprendizaxe do alumnado
- Idoneidade da metodoloxía didáctica e dos materiais empregados (os materiais empregados son

atractivos, accesibles, suficientes... para o alumnado?; empregáronse as TIC?, incluíronse os elementos transversais?; poderíamos ter enfocado o traballo doutro xeito?...)

-Idoneidade das actividades de aprendizaxe propostas (a planificación foi adecuada en canto ao número e duración das actividades e nivel de dificultade e interese das mesmas para o alumnado?; as actividades son significativas para o proceso de aprendizaxe?; os obxectivos das actividades están ben definidos?; propoño actividades que favorezan o traballo colaborativo ou cooperativo?)

-Logro da suficiente motivación por parte do alumnado (motivouse ao alumnado?, espertouse a súa curiosidade?, ofrecéuselle axuda?, favoreceuse a participación activa do alumnado?, conseguiuuse o seu nivel máximo de desenvolvemento?)...

-Idoneidade das medidas de atención á diversidade levadas a cabo (tívoise en conta a diversidade?...)

-Idoneidade dos instrumentos de avaliación empregados

-Nivel de coordinación e colaboración docente (propuxéronse actividades de carácter interdisciplinar?...)

-Grao de aproveitamento dos recursos e espazos do centro e do contorno

-Grao de comunicación coas familias

-Grao de cumprimento da programación didáctica

## 11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PLAN ANUAL DE LECTURA

En todos os cursos realízanse as seguintes actividades relacionadas coa lectura e que pretenden contribuír aos obxectivos definidos no **plan lector** do centro:

- Lectura e comprensión de textos do libro/material do alumno.
- Lectura comprensiva de enunciados de problemas
- Lectura puntual dalgunha nova científica extraída de internet ou da prensa.
- Uso de dicionarios para comprender o significado de vocabulario técnico novo.

A contribución ao **plan anual de lectura** concrétase na proposta dos seguintes libros de divulgación científica:

2º ESO: - Los cangrejos corren por la isla. Anatoli Dneprov (relato curto de ciencia ficción)

3º ESO: - En la casa de las mentes dobles. Robert Silverberg (relato curto de ciencia ficción)

4º ESO: La puerta de los tres cerrojos. Sonia Fernández Vidal.

Bacharelato:

-Cómo descubrimos el *petróleo*. Isaac Asimov (1º Bacharelato)

- Enemigo mío. Barry B. Longyear (ciencia ficción para 1º Bacharelato)

- Grandes desastres tecnológicos. Koldobika Gotxone Villar y Félix Ballesteros Rivas (2º Bacharelato)
- Voces de Chernobill. Svetlana Alexievich (2º Bacharelato)

Suxerencias para a ESO:

- La clave secreta del universo*. Lucy & Stephen Hawking. Editorial Debolsillo.
- Marie Curie. La descubridora del radio*. Mercedes Gordon. Casals S. A.
- ¿A que altura está o ceo?* Jorge Mira. Alvarellos Editora.
- Ciencia para Nicolás*. Carlos Chordá. Editorial. Editorial Laetoli.

Suxerencias para o Bacharelato:

- ¿A que altura está o ceo?* Jorge Mira. Alvarellos Editora.
- Introducción ás relatividades de Einstein*. Ramón Vilalta López. Editorial Xerais.
- Todo es cuestión de Química*. Deborah García bello. Ediciones Paidós.
- El bosón de Higgs no te va a hacer la cama*. Javier Santaolalla Camino. La esfera de los libros.

Ao longo do curso poderán engadirse máis libros de lectura.

## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A integración das TIC no ensino-aprendizaxe das materias de Física e/ou Química dos diferentes niveis pretende contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado, afianzando as destrezas necesarias ante hipotéticos futuros escenarios de ensino semipresencial ou a distancia.

Empregarase a Aula Virtual do centro en todos os niveis como sistema de apoio ao ensino presencial. Verificarase en setembro-outubro que o alumnado estea matriculado no correspondente curso de Física e/ou Química da mesma. A Aula Virtual funcionará non só como taboleiro de recursos senón tamén como lugar desde o que o estudante poderá efectuar tarefas e interactuar co profesor/a e co resto de compañeiros.

O docente fará uso do libro dixital nas explicacións de aula como ferramenta de apoio ao correspondente libro de texto en papel sempre que sexa posible. Nos niveis nos que non existe libro de texto (4º ESO) os materiais correspondentes estarán dispoñibles en formato dixital na Aula Virtual.

Fomentarase o uso de recursos web como fonte de información escrita e audiovisual e/ou de simulacións interactivas para recrear modelos teóricos e experiencias prácticas. Na medida do posible estes recursos serán xestionados a través da Aula Virtual do centro e/ou do blogue do departamento de Física e Química: <http://fqstoneira.blogspot.com/> co obxectivo de que o alumnado poida acceder a eles desde o seu domicilio.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Contémplase a realización das seguintes actividades complementarias e extraescolares sempre cumprindo coas recomendacións das instrucións do 5 de setembro relativas á situación COVID:

- Obradoiros de Química no instituto por parte da Sociedade Xuvenil Galega de Química (data pendente de confirmar).
- Solicitude de participación nas xornadas do CIQUS para o alumnado de Química de 2º Bacharelato.
- MUNCYT/CASA DAS CIENCIAS (posibilidade de colaboración co departamento de Tecnoloxía).

Ao longo do curso poderán propoñerse outras visitas e/ou actividades complementarias no propio centro que se estimen convenientes.

### **14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

A avaliación do proceso de ensinanza inclúe como elemento esencial a avaliación do desenvolvemento e cumprimento da presente programación didáctica. Este seguimento efectuarase a través das reunións de departamento, recolléndose as observacións e incidencias pertinentes no libro de actas.

Os resultados da avaliación do alumnado (estadísticas) e da avaliación tanto da práctica docente como da propia programación didáctica, xunto coas posibles propostas de mellora, serán recollidas na memoria de departamento ao final do curso. Entre os aspectos a valorar da propia programación atópanse:

- Temporalización e secuenciación dos estándares de aprendizaxe en unidade didácticas.
- Adecuación das estratexias metodolóxicas seleccionadas.
- Adecuación das medidas de atención á diversidade.
- Adecuación dos estándares de aprendizaxe mínimos.
- Adecuación dos procedementos de avaliación e dos sistemas de cualificación.

En Vimianzo, a 16 de setembro de 2022.

Asdo: Daniel Esmorís Puñal

Asdo: Natalia Abelenda Lameiro  
(Xefa de departamento)